

Terra cantada

Camiños para Galiza



ALFREDO IGLESIAS

Primeiro en Inglaterra e nos Países Baixos, logo nos EEUU e en Francia e posteriormente en toda Europa ao longo do século XIX, a burguesía liderou procesos revolucionarios conducentes á conquista do poder político nos que tamén participaron activamente as clases populares non privilexiadas no vello réxime feudal. Efectivamente, ao longo do século XIX a burguesía liderou o proceso de construción nacional que culminou nos anos setenta do século XIX, momento no que se instauraron definitivamente un conxunto de institucións políticas que permaneceron estables até ao inicio da I guerra mundial (1914-1918): a III república francesa, o reino de Italia, o II Reich alemán, a restauración borbónica en España, a monarquía dual no Imperio austrohúngaro, os EEUU posteriores á guerra de secesión..., son algúns deses exemplos.


No marco desas revolucións nacional liberais, manifestáronse tres procesos paralelos: no primeiro, as vellas monarquías son as que transforman as súas estruturas políticas nun longo proceso de construción nacional liberal, é o caso de Francia ou España, que ao longo do século XIX unificaron os mercados, dotáronse de leis nacionais, desenvolveron políticas tendentes á unificación dos mercados...; no segundo e no terceiro, a burguesía optou por dúas estratexias diferentes: unha integradora, velaí están os procesos de unificación nacional dos alemáns ou italianos, e outra disgrega-

galego; porén, como noutros casos, o intento non acadou o resultado que se esperaba. Efectivamente, o pobo galego protagonizou en varias ocasións proceso revolucionarios tendentes a construír a nación galega; porén, en tanto que foi un proceso que non liderou a burguesía nacional (inexistente naqueles anos, por outra banda) nin contou co apoio das clases populares urbanas, que cando comezaron a actuar politicamente foi arredor de organizacións obreiras, tardou en callar entre a poboación: realmente, a primeira síntese entre os proxectos de liberación nacional e de clase non chegou até os anos sesenta do século XX, coa UPG, o PSG e Galicia Socialista, ben que durante a II República o nacionalismo galego e o movemento obreiro galego coincidiron na Fronte Popular e os comunistas galegos apoiaron o Estatuto e a defensa da lingua galega.

Na actualidade, o proceso de construción na-

cional atópase fronte a un gran reto: a conquista do poder político polo gran capital, que logrou infrinxir unha grande derrota á clase traballadora, e que conseguiu que o Estado sirva case exclusivamente aos seus intereses, velaí están as políticas económicas dos últimos anos, que son insuficientes para garantir o benestar da gran maioría da poboación. Algunhas das respostas máis inmediatas para afrontar este reto nolas ofrece Camilo Nogueira, quen en diversas ocasións foi representante da nación no Parlamento galego e na eurocámara, no seu último libro *A terra cantada*, unha escolma de artigos e intervencións parlamentarias nas que o autor achega unha reflexión sobre a construción nacional galega na actualidade, aceptando a responsabilidade de valerse economicamente, promovendo un desenvolvemento autocentrado, pensando o mundo dende esta Galiza sen estado, situada como nación no mundo sen mediacións políticas...

NOGUEIRA, Camilo, A terra cantada, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 402 páxinas



AUTOR LEVA

ADIANTE UNHA

REFLEXIÓN SOBRE

A CONSTRUCIÓN

NACIONAL GALEGA

NA ACTUALIDADE

dora, velaí están os procesos revolucionarios que culminaron co recoñecemento de novos estados nacionais xurdidos de vellos imperios plurinacionais (Grecia, Bélxica, Serbia...).

Esa última estratexia foi a que adoptou o pobo